

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

11075 *Orde ESS/2119/2015, do 8 de outubro, pola que se establece un prazo excepcional para a subscripción do convenio especial no sistema da Seguridade Social previsto na Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, por parte dos cónxuxes ou parellas de feito do persoal funcionario ou laboral do Servizo Exterior do Estado.*

A Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, dispón no seu artigo 59.1, en relación co apoio ás familias, que, en execución da política do Goberno de conciliación da vida familiar e laboral e en beneficio dun mellor desempeño das funcións do Servizo Exterior, o Goberno establecerá as condicións para que os familiares poidan acompañar os funcionarios destinados ao exterior.

A este respecto, a referida lei prevé, así mesmo, na súa disposición adicional quinta, relativa ao informe sobre situación dos cónxuxes ou parellas de feito do persoal funcionario ou laboral desprazado, que, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas elaborará un informe acerca da posibilidade de que os cónxuxes ou parellas de feito do dito persoal funcionario ou laboral desprazado poidan manter os dereitos adquiridos ou en curso de adquisición en materia de antigüidade, pensións e dereitos pasivos do sistema español da Seguridade Social.

Tendo en conta que o convenio especial no sistema da Seguridade Social é un instituto xurídico válido para a conservación de tales dereitos no ámbito da Seguridade Social, de acordo co establecido na Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, pola que se trata, entre outros, de facilitar a subscripción destes convenios especiais tanto en canto ao prazo para solicitálos como en canto aos requisitos exigibles para subscribílos, mediante esta orde, que ten precisamente como finalidade flexibilizar, de forma extraordinaria e por tempo limitado, o requisito do prazo previsto no artigo 3.1 da citada Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, relativo a que non transcorrese máis dun ano desde que se produciu a baixa na Seguridade Social do solicitante, co obxecto de posibilitar a subscripción do convenio especial por parte dos cónxuxes ou parellas de feito do persoal funcionario ou laboral do servizo exterior do Estado, en cumprimento do disposto ao respecto no mencionado artigo 59.1 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, establécese un prazo excepcional para a subscripción por este colectivo do correspondente convenio especial coa Seguridade Social ao abeiro da mencionada Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, sempre que estes cumpran os requisitos e as condicións previstos no seu capítulo I.

Na súa virtude, a ministra de Emprego e Seguridade Social en uso das atribucións que ten conferidas, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispón:

Artigo único. Prazo excepcional para a subscripción do convenio especial coa Seguridade Social.

Os cónxuxes ou parellas de feito do persoal funcionario ou laboral que integra o servizo exterior do Estado, de acordo co regulado na Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, que se encontren desprazados ou que se despracen fóra do territorio nacional acompañando este persoal destinado no exterior e que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, a excepción do cumprimento do prazo recollido no número 1 do dito precepto, poderán de forma excepcional durante o

prazo de dous meses, desde a entrada en vigor desta orde, solicitar a subscripción do convenio especial coa Seguridade Social previsto na regulación xeral da indicada Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de outubro de 2015.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.